

BASES CONCURSO DO XOVES DE COMADRES

Primeira.- A Delegación de Cultura do Concello de Monforte de Lemos convoca o concurso do **xoves de comadres** que se realizará dentro do programa de actividades do *Entroido* monfortino o día **12 de febreiro**.

Segunda.- As solicitudes de inscrición para a participación no concurso presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Monforte dende o día seguinte á súa publicación na páxina web do concello, sendo o derradeiro día de inscrición o 11 de febreiro ás 14:00 h. Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a causa do seu atraso.

Terceira.- Haberá tres convocatorias por concurso:

- *Centros de ensino* - *Parroquias, barrios e rúas do Concello* - *Individuais*

Tanto nas convocatorias de *Centros de ensino* como nas de *Parroquias, barrios e rúas do Concello* establécense dúas modalidades: 1 colectivo, 2 individual.

Cuarta.- Na convocatoria de *Centros de ensino e Individuais*, todas as comadres inscritas concentraranse na Praza de España ás 17:30 h, sendo a lectura dos premios e a queima dos monecos despois da decisión do xurado.

Na convocatoria de *Parroquias, barrios e rúas do Concello*, as comadres inscritas colocaranse nos lugares elixidos polos participantes dende a primeira hora da mañá. O xurado visitaraas ata as cinco da tarde e lerá o resultado ao mesmo tempo que o da convocatoria de *Centros de ensino e Individuais*.

Quinta.- Haberá un primeiro premio, un segundo premio e un máximo de tres accésits por modalidade. O xurado poderá conceder dous primeiros ou dous segundos premios, sempre que a suma total dos premios concedidos no concurso do xoves de comadres non supere os 1.200 €, que se aplicarán con cargo a partida 330.226.09, sen prexuízo de que o importe dos premios sexa inferior. O xurado poderá conceder, se así o estima, un premio especial á etnografía e outro á crítica social.

Os premios serán indivisíbeis e poderán quedar desertos algúns deles, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.

PREMIOS (por convocatoria):

Individuais

1º premio	65 €
2º premio	35 €
Accésit	18 €

Premio á etnografía 100 €

Colectivos

1º premio	95 €
2º premio	65 €
Accésit	30 €

Premio á crítica social 100 €

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Monforte de Lemos, a través dunha transferencia bancaria. Previamente será necesario a presentación do certificado bancario cun número da conta do titular e xustificación nos termos sinalados nestas bases.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Sexta .- O xurado do concurso estará composto por:

PRESIDENTE: A Delegada de Cultura ou persoa á que designe.

VOGAIS: Persoas de diferentes ámbitos sociais, educativos e culturais de Monforte de Lemos.

SECRETARIO/A: O técnico de cultura do Concello de Monforte, con voz e sen voto que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

O xurado terá liberdade para establecer as súas cualificacións, sendo os criterios a valorar os seguintes: a montaxe, a elaboración e os materiais utilizados, a orixinalidade, a crítica social e o interese etnográfico así como a calidade do compadre.

Sétima.- A decisión do xurado farase pública mediante a lectura da acta ao remate da concentración e antes da queima dos monecos.

Oitava.- A inscrición no **concurso do xoves de comadres** implica a autorización de todos os participantes inscritos na posible difusión dos documentos visuais recollidos na realización da actividade. Documentos a utilizar polo Concello na súa páxina web, na elaboración de carteis, en folletos informativos ou outras posibles edicións municipais.

Novena.- A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable.

Contra a resolución definitiva que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, se o acto foi expreso ou de tres meses, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado co Contencioso - Administrativo de Lugo.

Décima.- No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e de xeito supletorio na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións, no RD 887/2006 de 17 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.